

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019050	IES de Beade	Vigo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación plástica, visual e audiovisual	3º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	22
6. Medidas de atención á diversidade	22
7.1. Concreción dos elementos transversais	24
7.2. Actividades complementarias	25
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	26
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	27
9. Outros apartados	28

1. Introducción

DATOS DO DEPARTAMENTO:

O Departamento de Debuxo do Instituto de Beade de Vigo no curso 2023-24 está constituído polos profesores Dona Rosa Ramilo Costas e Don Ángel Comesaña Dopeso, asumindo a Xefatura do mesmo este último. Dona Rosa Ramilo continua este curso a sección bilingüe en Lingua Inglesa na materia nos cursos impares da ESO. Para o alumando que non participe nela, a materia impartirase en Lingua Galega.

Ao respecto dos grupos bilingües, compre salientar que a competencia plurilingüe sinalada no apartado 2 desta programación só afecta a estes grupos, adquiríndose de xeito progresivo ao longo do curso.

REFERENCIAS NORMATIVAS

- A presente Programación Didáctica (PD) está enmarcada no Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade do IES de Beade os preceptos neste recollidos.
- Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 25 de xaneiro de 2020 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de Educación Primaria, de Educación Secundaria e de Bacharelato no sistema educativo de Galicia
- Orde do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

CONTEXTUALIZACIÓN:

Compre lembrar que esta materia, que forma parte da etapa obrigatoria, ten unha grande importancia como substrato dunha curiosidade e interese futuros polas distintas manifestacións plásticas. Como o 3º curso é o último no que a materia ten carácter obrigatoria, pasando a ser optativa nos seguintes, convén que os contidos mínimos queden ben afiuzados posto que, por desgraza, para moitos alumnos será a derradeira toma de contacto con ela.

A educación artística é unha actividade imprescindible no desenvolvemento das persoas. A experimentación coas artes plásticas, visuais e audiovisuais fomenta a exploración e coñecementos propios e promove a imaxinación así como a capacidade para crear respostas múltiples, en linguaxes propias, a diferentes necesidades. Así mesmo a actividade artística implica un grao alto de interacción co grupo onde o traballo propio e alleo, individual e en grupo, serven para fomentar o debate e aprender a aprender.

O estudo da imaxe nos diferentes medios (a súa historia, as tipoloxías, as técnicas de creación...) convértese nun dos fíos principais da materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual. Foméntase a experimentación e a creación de imaxes bidimensionais e tridimensionais en diferentes medios de xeito que o alumnado tome contacto con técnicas e medios tradicionais así como cos medios tecnolóxicos e dixitais, explorando as cualidades expresivas da cada un deles.

Preténdese que, partindo dunha base común de conceptos, o alumnado traballe e experimente co emprego das diferentes linguaxes visuais e audiovisuais realizando as súas propias producións plásticas e audiovisuais. É imprescindible que o alumnado adquira os coñecementos e as destrezas básicas para afrontar a análise crítica da imaxe visual e audiovisual como elemento de comunicación. Esta materia colabora amplamente no fomento do espírito crítico do alumnado ante as imaxes con diferentes funcións comunicativas e moi especialmente ante a imaxe publicitaria.

A materia impártese nos cursos de primeiro e terceiro da ESO e dá continuidade á educación artística recibida polo alumnado nas etapas anteriores, facilitándolle ao alumnado: seguir aprofundando no coñecemento, interpretación e valoración crítica das imaxes en todas as súas funcións; potenciar o coñecemento e o respecto polo patrimonio cultural e artístico e a súa posta en valor; poñer en práctica a expresividade propia mediante a realización de producións individuais e colectivas.

A materia está deseñada a partir de oito obxectivos que saen dos obxectivos xerais da etapa e das competencias que configuran o perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, en especial dos descritores da competencia en

conciencia e expresión culturais, aos que se engaden aspectos relacionados coa comunicación verbal, a dixitalización, a convivencia democrática, a interculturalidade ou a creatividade. A materia ten un enfoque eminentemente práctico o que leva a que o alumnado se inicie na produción artística sen necesidade de dominar as técnicas nin os recursos, e que vaia adquirindo estes coñecementos en función das necesidades derivadas da súa propia produción.

Os criterios de avaliación e os contidos da materia artéllanse en catro bloques. O primeiro leva por título «Patrimonio artístico e cultural» e inclúe contidos relativos aos xéneros artísticos e ás manifestacións culturais máis destacadas. O segundo, denominado «Elementos formais da imaxe e da linguaxe visual. A expresión gráfica», abrangue os elementos, principios e conceptos que se poñen en práctica nas distintas manifestacións artísticas e culturais como forma de expresión. O terceiro bloque, «Expresión gráfico-plástica e técnica: fundamentos e procedementos», comprende tanto os procedementos gráfico-plásticos como as distintas operacións técnicas ademais dos factores e as etapas do proceso creativo e unha introdución aos sistemas de representación máis importantes. Inclúese tamén unha introdución á xeometría plana e aos sistemas de representación. Por último, o bloque «Imaxe e comunicación visual e audiovisual» incorpora os contidos relacionados coas linguaxes, as finalidades, os contextos, as funcións e os formatos da comunicación visual e audiovisual.

Para rematar, sinalar que o contexto do IES de Beade, nos ámbitos social, cultural e económico queda recollido no PEC. No relativo o alumnado indicar que pertence, maioritariamente, a familias con nivel socio-cultural medio-baixo, que amosan interese pola formación dos fillos/as. Nos fogares unha grande maioría teñen ordenador e/ou teléfonos intelixentes con acceso a internet. Mención aparte merece o caso do alumnado extranxeiro destinado ao centro por comisión de escolarización xa que á dificultade de integración pola súa incorporación máis ou menos tardía ao curso, engádese a xerada polo cambio de sistema educativo (totalmente diferente) e o descoñecemento da Lingua Galega (na que se imparte a materia). No tocante á situación onde se atopa o Centro é nunha zona periférica da cidade, que fai confluír alumnado dun entorno urbano con outro dunha contorna semiruralizada. Atendendo a iso, esta PD aproveitará as posibilidades que ofrecen ambas realidades a través das diferentes UD.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender a importancia que tiveron no desenvolvemento do ser humano algúns exemplos seleccionados das distintas manifestacións culturais e artísticas, amosando interese polo patrimonio como parte da propia cultura, para entender como se convierten no testemuño dos valores e das convicións de cada persoa e da sociedade no seu conxunto, e para recoñecer a necesidade da súa protección e da súa conservación.	1	1-2-3			1-3	1-2		1
OBX2 - Explicar as producións plásticas, visuais e audiovisuais propias, comparándoas coas dos seus iguais e con algunhas das que conforman o patrimonio cultural e artístico, xustificando as opinións e tendo en conta o progreso desde a intención ata a realización, para valorar o intercambio, as experiencias compartidas e o diálogo intercultural, así como para superar estereotipos.	1	1-2			1-3	1-3		1-3
OBX3 - Analizar diferentes propostas plásticas, visuais e audiovisuais, amosando respecto e desenvolvendo a capacidade de observación e interiorización da experiencia e da satisfacción estética, para enriquecer a cultura artística individual e alimentar o imaxinario propio.	1-2	1-2		1	4	1-3		2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Explorar as técnicas, as linguaxes e as intencións de diferentes producións culturais e artísticas, analizando, de forma aberta e respectuosa tanto o proceso como o produto final, a súa recepción e o seu contexto, para descubrir as posibilidades que ofrecen como fonte xeradora de ideas e respostas.	2	1-2-3		1-2	3	3		2
OBX5 - Realizar producións artísticas individuais ou colectivas con creatividade e imaxinación, seleccionando e aplicando ferramentas, técnicas e soportes en función da intencionalidade, para expresar a visión do mundo, as emocións e os sentimentos propios, así como para mellorar a capacidade de comunicación e desenvolver a reflexión crítica e a autoconfianza.	1-2	1-2			1-3-4	3		3-4
OBX6 - Apropriarse das referencias culturais e artísticas da contorna, identificando as súas singularidades, para enriquecer as creacións propias e desenvolver a identidade persoal, cultural e social.	2	1-2		1	3	1		1-3
OBX7 - Aplicar as técnicas, os recursos e as convencións principais das linguaxes artísticas, incorporando de forma creativa as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías, para as integrar e enriquecer o deseño e a realización dun proxecto artístico.	2-3	1-2	3	1-5		1-3		4
OBX8 - Compartir producións e manifestacións artísticas, adaptando o proxecto á intención e ás características do público destinatario, para valorar distintas oportunidades de desenvolvemento persoal.	1	1-2	2-3	3	3-5		1-3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os xéneros artísticos. Manifestacións culturais e artísticas. Particularidades do patrimonio artístico galego.	Os distintos xéneros artísticos e as manifestacións culturais e artísticas clave ao longo da historia, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: análise dos seus aspectos formais e do seu contexto histórico. Particularidades do patrimonio artístico galego.	5	4	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	A xeometría nos obxectos, na arte e na contorna natural.	A xeometría na natureza, na arquitectura e no deseño de obxectos cotiáns. Xeometría plana. Introducción ás tanxencias e enlaces.	15	10	X	X	X
3	A percepción visual. Elementos de configuración visual e a súa organización compositiva.	Introdución aos principios perceptivos, elementos e factores. Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura. A composición: conceptos de equilibrio, proporción e ritmo aplicados á organización de formas no plano e no espazo.	10	4	X		
4	O proceso creativo.	Factores e etapas do proceso creativo. O esbozo. Elección de materiais e técnicas. a realización a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar.	10	4	X	X	X
5	Técnicas básicas de expresión gráfico-plásticas en dúas dimensións.	Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas. Factores e etapas do proceso creativo. Elección de materiais e técnicas, realización. O esbozo. O proceso creativo a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar.	15	12	X	X	
6	Técnicas básicas de expresión gráfico-plásticas en tres dimensións.	O volume: exemplos e características expresivas.	15	12		X	X
7	Sistema diédrico: vistas.	Introdución aos sistemas de representación. Sistema diédrico: vistas. O esbozo isométrico.	15	12	X	X	X
8	Imaxes visuais e audiovisuais. O cine e a animación.	Lectura e análise da imaxe visual e audiovisual. Imaxe en movemento. O cine e a animación: características, orixe e evolución. Técnicas básicas para a realización de producións audiovisuais sinxelas, de xeito individual ou en grupo. Experimentación en contornas virtuais de aprendizaxe.	15	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Os xéneros artísticos. Manifestacións culturais e artísticas. Particularidades do patrimonio artístico galego.	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións plásticas, visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade, e describir as súas particularidades e o seu papel como transmisoras de conceptos, valores e convicións, con interese e respecto, desde unha perspectiva de xénero.	Ser quen de recoñecer minimamente os factores que condicionan as distintas producións plásticas así como a súa función desde unha perspectiva de xénero, con curiosidade e respecto.	TI	100
CA1.2 - Valorar a importancia da conservación do patrimonio cultural e artístico universal e galego a través do coñecemento e a análise guiada de obras de arte.	Valorar a importancia do patrimonio galego a través do coñecemento de obras de arte e a súa conservación.		
CA1.3 - Analizar diversas producións artísticas e culturais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Analizar dun xeito sinxelo as producións propias e alleas desde unha mirada estética respectando a diversidade cultural.		
CA1.4 - Seleccionar e describir propostas plásticas, visuais e audiovisuais de diversos tipos e épocas, analizalas con curiosidade e respecto desde unha perspectiva de xénero, e incorporalas á súa cultura persoal e o seu imaxinario propio.	Coñecer diversas proposas plásticas significativas e analizalas para incorporalas ao imaxinario propio desde unha perspectiva de xénero.		
CA1.5 - Argumentar a satisfacción producida pola recepción da arte en todas as súas formas e vertentes, compartindo con respecto impresións e emocións, e expresar a opinión persoal de forma aberta.	Saber expresar minimamente, dun xeito aberto e respectuoso, as emocións e a satisfacción que emanan da percepción dunha obra de arte.		
CA1.6 - Explicar a súa pertenza a un contexto cultural concreto, a través da análise dos aspectos formais e dos factores sociais que determinan diversas producións culturais e artísticas actuais.	Recoñecer, dun xeito básico, a pertenza dunha obra de arte a un contexto cultural e histórico concreto a través da análise da configuración formal e dos factores sociais que a condicionan.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os xéneros artísticos. - Manifestacións culturais e artísticas clave ao longo da historia, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: análise dos seus aspectos formais e do seu contexto histórico. Particularidades do patrimonio artístico galego.

UD	Título da UD	Duración
2	A xeometría nos obxectos, na arte e na contorna natural.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4.1. - Realizar proxectos gráficos axustándose a tarefa solicitada amosando iniciativa no emprego dos principios xeométricos.	Realizar tarefas prácticas e exercicios de xeometría partindo dos exemplos na natureza e na arte.	PE	30
CA1.5.1. - Argumentar e recoñecer os aspectos formais das obras de arte e da natureza en relación ás formas xeométricas.	Saber recoñecer, analizar e argumentar sobre aspectos formais relacionados coa xeometría da nosa contorna.	TI	70
CA3.3.1. - Utilizar con creatividade os exemplos xeométricos presentes na contorna, tanto naturais como arquitectónicos, artísticos ou pertencentes ó ámbito do deseño.	Utilizar con fins creativos exemplos xeométricos da nosa contorna e aplicarlos a producións novedosas propias.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal.		
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar mínimamente as características dos distintos sistemas de representación e da xeometría, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese.		
CA4.5 - Recoñecer os diferentes usos e as funcións das producións e das manifestacións visuais e audiovisuais, e argumentar de forma individual ou colectiva as súas conclusións acerca das oportunidades que poden xerar, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Recoñecer os distintos usos e funcións que nos ofrece a xeometría e argumentar acerca das oportunidades que pode xerar cunha actitude aberta e con curiosidade por coñecer a súa importancia na sociedade.	Baleiro	0
CA1.5 - Argumentar a satisfacción producida pola recepción da arte en todas as súas formas e vertentes, compartindo con respecto impresións e emocións, e expresar a opinión persoal de forma aberta.			
CA2.4 - Realizar un proxecto gráfico-plástico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.			
CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- As formas xeométricas na arte e na contorna: xeometría na natureza, a arquitectura e o deseño de obxectos cotiáns.
- Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas. - Imaxes visuais e audiovisuais: lectura e análise.

UD	Título da UD	Duración
3	A percepción visual. Elementos de configuración visual e a súa organización compositiva.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas, establecendo conexións entre elas, e incorporalas con creatividade nas producións propias.	Analizar, de xeito guiado, as características principais dos distintos tipos de linguaxes das diferentes producións artísticas, establecendo conexións entre elas e incorporándoas as producións propias.	TI	100
CA2.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Expresar minimamente ideas e sentimentos, a través da experimentación coas distintas técnicas, desenvolvendo certa capacidade de comunicación e reflexión crítica.		
CA2.3 - Explicar, de forma razoada, a importancia do proceso que media entre a realidade, o imaxinario e a produción, superando estereotipos e amosando un comportamento respectuoso coa diversidade cultural.	Explicar o proceso de produción, superando estereotipos, cunha actitude respectuosa coa diversidade cultural.		
CA2.4 - Realizar un proxecto gráfico-plástico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas na xeración de mensaxes propias, axustándose ao solicitado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura. - A percepción visual. Introducción aos principios perceptivos, elementos e factores. - A composición. Conceptos de equilibrio, proporción e ritmo aplicados á organización de formas no plano e no espazo.

UD	Título da UD	Duración
4	O proceso creativo.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar, mínimamente, as características das distintas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese.	TI	100
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Expresar minimamente ideas e sentimentos, a través da experimentación coas distintas técnicas, desenvolvendo certa capacidade de comunicación e reflexión crítica.		
CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal.	Saber utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias amosando unha visión persoal.		
CA3.4 - Realizar un proxecto artístico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas de creación gráfico-plástica.	Ser quen de realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, axustándose ao obxectivo proposto, amosando iniciativa no emprego da linguaxe, materiais, soportes e ferramentas gráfico-plásticas.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O proceso creativo a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar.
- Factores e etapas do proceso creativo. Elección de materiais e técnicas, realización. O esbozo.

UD	Título da UD	Duración
5	Técnicas básicas de expresión gráfico-plásticas en dúas dimensións.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar, mínimamente, as características das distintas técnicas e linguaxes artísticas en dúas dimensións, secas e húmidas, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese.	TI	100
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Explicar minimamente o proceso de produción, superando estereotipos, cunha actitude respectuosa coa diversidade cultural.		
CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal.	Saber utilizar, dun xeito sinxelo, con creatividade, referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias amosando unha visión persoal.		
CA3.4 - Realizar un proxecto artístico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas de creación gráfico-plástica.	Realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas para poder xerar mensaxes propias, axustándose ao solicitado.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas.

UD	Título da UD	Duración
6	Técnicas básicas de expresión gráfico-plásticas en tres dimensións.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar mínimamente as características dos distintos sistemas de representación, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese.	PE	10
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Explicar minimamente o proceso de produción, superando estereotipos, cunha actitude respectuosa coa diversidade cultural.	TI	90
CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal.	Saber utilizar con creatividade referencias artísticas e culturais da contorna na elaboración de producións propias amosando unha visión persoal.		
CA3.4 - Realizar un proxecto artístico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas de creación gráfico-plástica.	Realizar un proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas na xeración de mensaxes propias, axustándose ao solicitado.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en tres dimensións. O seu uso na arte e as súas características expresivas. - O proceso creativo a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar. - Factores e etapas do proceso creativo. Elección de materiais e técnicas, realización. O esbozo.

UD	Título da UD	Duración
7	Sistema diédrico: vistas.	12

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar mínimamente as características dos distintos sistemas de representación. Coñecer os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese a través da práctica de exercicios do sistema, neste caso diédrico.	PE	30
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal e, nun futuro, profesional.	TI	70
CA4.5 - Recoñecer os diferentes usos e as funcións das producións e das manifestacións visuais e audiovisuais, e argumentar de forma individual ou colectiva as súas conclusións acerca das oportunidades que poden xerar, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Recoñecer, dun xeito básico, os diferentes usos que pode ter os sistema diédrico e a croquización a partir das vistas. Argumentar sobre as posibilidades técnicas que poden xerar con interese por coñecer a importancia do debuxo técnico e os sistemas de representación na sociedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Introducción aos sistemas de representación. Sistema diédrico: vistas. O esbozo isométrico.
- Imaxes visuais e audiovisuais: lectura e análise.

UD	Título da UD	Duración
8	Imaxes visuais e audiovisuais. O cine e a animación.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Analizar de xeito guiado diversas producións visuais e audiovisuais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Analizar, de xeito guiado, as características principais dos distintos tipos de linguaxes das diferentes producións artísticas, establecendo conexións entre elas e incorporándoas as producións propias.	TI	100
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar, minimamente, as características das distintas técnicas audiovisuais e as súas linguaxes, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións audiovisuais propias, amosando unha visión persoal.	Saber utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias amosando unha visión persoal.		
CA4.4 - Realizar un proxecto audiovisual con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais ou audiovisuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas na xeración de mensaxes propias, axustándose ao solicitado.		
CA4.5 - Recoñecer os diferentes usos e as funcións das producións e das manifestacións visuais e audiovisuais, e argumentar de forma individual ou colectiva as súas conclusións acerca das oportunidades que poden xerar, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Recoñecer os diferentes usos que pode ter as producións audiovisuais e saber argumentar cun mínimo de reflexión sobre as posibilidades que poden xerar estas, cunha actitude aberta, e amosando interese por coñecer a súa importancia na nosa sociedade.		
CA4.6 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións audiovisuais, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, buscando as solucións e as estratexias máis adecuadas para melloralas, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Imaxes visuais e audiovisuais: lectura e análise. - Imaxe en movemento. Características, orixe e evolución. O cine e a animación. - Técnicas básicas para a realización de producións audiovisuais sinxelas, de xeito individual ou en grupo. Experimentación en contornas virtuais de aprendizaxe.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual de 3º da ESO é unha continuidade e ampliación do currículo de 1º e terá algúns contidos comúns a materias como Matemáticas e Tecnoloxía especialmente nos referidos á xeometría.

Seguiremos coa introdución no mundo da comunicación visual e audiovisual desde o debuxo, tanto artístico como técnico, para continuar analizando imaxes e as principais técnicas de creación gráfico-plástica, repasando as obras máis representativas da historia da arte. Tamén afondaremos nos mecanismos que nos permiten trasladar, desde a normalización e os sistemas de representación, os obxectos imaxinados ou reais ao papel ou á pantalla. Preténdese non só, que o alumnado sexa capaz de ver, senón que tamén sexa quen de facer, de crear imaxes pertencentes aos diferentes campos da comunicación visual e audiovisual.

Para iso é necesaria unha metodoloxía que trate de reforzar os aspectos prácticos, adquiríndose os obxectivos a través das actividades da aula.

Os bloques de contidos están organizados de xeito que cada unidade pode empregar parte dos contidos adquiridos

nas anteriores. O alumnado verase obrigado a utilizar o aprendido máis aquilo que debe aprender coa práctica, situándose a súa actividade entre o que sabe facer e o que pode chegar a facer coa axuda do profesorado.

Na materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual podemos empregar distintas metodoloxías. Velaquí algunhas suxestións:

- 1) Exposición, por parte do docente, da nova tarefa a realizar.
- 2) Avaliación inicial, se se considera necesario, coa fin de coñecer as ideas previas que ten o alumnado sobre os contidos da unidade.
- 3) É moi exemplarizante e de gran axuda, amosar os traballos realizados por alumnado doutros cursos, para que vexan as múltiples posibilidades que ten unha proposta.
- 4) Exposición dos contidos que o alumnado debe entender para a realización dos exercicios onde intervirá unha metodoloxía investigadora e creadora, o traballo en grupo e, por suposto, o traballo guiado polo profesorado que asiste e fomenta no alumnado a exploración, a curiosidade, a cooperación, o sentido autocrítico, o esforzo e a progresión persoal.
- 5) Elaboración dos exercicios durante as horas lectivas.
- 6) Reflexión persoal e conxunta sobre as resultas plásticas e sobre os coñecementos adquiridos.
- 7) Nos exercicios a realizar nas horas lectivas teranse en conta as seguintes pautas:
 - A exposición da tarefa a realizar e aplicación dos contidos explicados.
 - Os bosquejos previos e definitivos.
 - A correcta organización, limpeza e presentación no proceso e no resultado.
 - O aproveitamento eficaz do tempo así como o interese e a curiosidade mostrados polo alumnado.

O resultado será valorado en función do progreso do alumnado, na consecución da adquisición das competencias chave, a través da avaliación dos criterios establecidos mediante unha rúbrica, onde figurará unha ponderación en cada apartado.

O alumnado poderá participar na selección das actividades a realizar, sempre que as súas propostas resposten aos obxectivos dos bloques de contidos.

Dende o punto de vista metodolóxico a programación ten en conta os seguintes principios:

A acción educativa desenvolverase de tal xeito que facilite aprendizaxes significativas por parte do alumnado. Esta metodoloxía didáctica sustentada na concepción construtivista da aprendizaxe ten como fin última que o alumnado non se limite á aprendizaxe de determinados contidos, senón que adquira as ferramentas críticas necesarias que lle permitan desenvolver razoamentos e aprendizaxes de carácter hipotético-dedutivo, e de carácter proposicional.

A metodoloxía didáctica empregada perseguirá que o alumnado relacione os novos contidos con coñecementos xa consolidados, e vaia construindo mapas conceptuais. Os contidos e as actividades que os desenvolven manterán unha estreita relación co entorno próximo do alumnado. As actividades aproximarán ao alumnado a contidos de carácter xeral a partir de exemplos tanxibles, de realidades cotiás, de experiencias habituais, que permitan extrapolar o aprendido a supostos hipotéticos, realidades estranas e fenómenos máis complexos. Partirase do nivel de desenvolvemento do alumno, considerando tanto as súas capacidades coma os seus coñecementos previos.

Para iso, considéranse os seguintes principios metodolóxicos coma base da actividade docente:

- Motivación: Inserir ao alumno/a no proceso de ensino-aprendizaxe, é quizais, a tarefa mais difícil da labor docente, polo que, o profesor/a, deberá elaborar estratexias que sustenten a metodoloxía global proposta.
- Investigación: Entendida tanto como principio didáctico que imbúa toda a creatividade e marque a forma de traballar, como estratexia didáctica. Suscítase unha investigación, non no sentido científico da palabra, senón no experimental, é dicir, que o alumno/a descubra a través da experiencia e a observación.
- Creatividade: O desenvolvemento da creatividade é prioritario na linguaxe plástica e visual, posto que toda a

actividade expresiva o é en canto supón unha creación por parte do individuo. Trátase, non só de desenvolver destrezas ou lograr técnicas que permitan realizar determinados traballos ou tarefas, senón, e sobre todo, de fomentar o uso, dun modo creativo e particular, de diversos procedementos aplicados a un mesmo fin.

Potenciarase a creatividade a través dos seus principais indicadores:

- * Fluidez, indica a capacidade de solucionar problemas dando mais dunha resposta a unha mesma situación, ou de producir un grande número de ideas nun tempo determinado.
- * Ductilidade, para ser capaces de adaptarse ás circunstancias e situacións concretas, e de reformar ou variar, se así o requiren as circunstancias, o proxecto ou idea.
- * Orixinalidade, no sentido de intentar crear un traballo diferente, para que cada traballo sexa expresión do propio individuo e, xa que logo, perfectamente recoñecible e identificable; tamén se interpreta como a capacidade de obter solucións ou respostas pouco comúns ou para realizar asociacións non habituais.
- * Flexibilidade e redefinición, para poder enfocar os problemas dende distintos puntos de vista e poder pasar dunhas solucións visuais e plásticas a outras.
- * Elaboración, que implica a habilidade e persistencia necesarias para levar a cabo unha creación, vencendo non só os problemas de índole material, senón tamén os persoais e sociais, así como a produción de múltiples solucións para a organización e materialización dun proxecto ou idea.

Convén deixar claro, que a fin última do proceso educativo do Área de Plástica, Visual e Audiovisual non é crear artistas, senón permitir que os que potencialmente o sexan, poidan chegar a selo, e introducir unha serie de valores que axuden a todos a expresarse.

Así, as clases serán fundamentalmente prácticas onde, primeiramente se fará unha explicación teórica do tema, apoiada por medios tecnolóxicos visuais e audiovisuais, seguida dunha interacción co alumnado a través de preguntas e respostas rápidas para finalmente dar paso á experimentación e aplicación práctica dos coñecementos teóricos previamente explicados pola profesora.

Os procedementos a seguir se fora necesario facer uso da educación non presencial serían os seguintes:

- 1) Valoración dos medios, recursos, e coñecementos informáticos dos que dispón cada alumno para establecer unha boa canle de comunicación.
- 2) Publicación na aula virtual das explicacións sobre os contidos e a proposta de actividades por medio de videotutoriais, presentacións PowerPoint, PDF...
- 3) Resolución na casa dos proxectos e actividades propostas, respectando, dentro da medida do posible, o horario de clase para conectarse co profesorado (correo electrónico corporativo, webex...) e así poder levar un seguimento do traballo desenvolvido, corrixir aquilo que non se faga correctamente e resolver posibles dúbidas que poidan ir acontecendo.
- 4) Recollida de traballos a través da aula virtual.
- 5) Explicación individualizada dos resultados obtidos en cada traballo e comentario crítico dos mesmos por vía telemática.

UNIDADES DIDÁCTICAS TRANSVERSAIS

En canto ao propio currículo deste curso, nesta materia, consideramos que as unidades didácticas referidas ao debuxo técnico e aos sistemas de representación poden darse nos tres trimestres. Deste xeito, coa alternancia de contidos, os elementos curriculares son menos monótonos e se estenden máis no tempo axudando a adquisición dos procedementos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Mobiliario axeitado para un taller artístico escolar: vertedoiro e billas, mesas amplas, andeis para gardar materiais e expoñer traballos e poder comentalos.

Ordenador con conexión a internet e proxector con pantalla.
Aula informática do centro.
Plataforma de ensino virtual, preferentemente, a aula virtual do centro.
Materiais pictóricos funxibéis: carbón, lapis conté, sanguina, pinturas acrílicas ou témperas coas cores primarias, branca e negra.
Materiais para estampa e gravado.
Materiais para modelado.
Libros de arte para poder consultar, tanto de temas técnicos como catálogos de artistas, movementos artísticos, etc
Recursos de internet como páxinas web de museos, salas de exposicións, blogs de arte, etc.

A materia para o 3º curso da ESO impartirase na aula específica de Debuxo e na aula 3 (que non ten a mesma dotación xa que se trata dun aula xenérica). Isto débese á necesidade de simultanear os grupos bilingües e non bilingües, o que suporá intercambiar ambos espazos en función dos contidos e procedementos traballados. A maiores, é posible traballar tamén en espazos multidisciplinares como o patio, a biblioteca, a aula de Informática... Non se empregará libro de texto e os contidos de natureza teórica serán facilitados mediante os recursos que posibilita a Aula Virtual do centro.

Ao comezo do curso, durante as primeiras sesión, pedirase ao alumnado unha relación de material básico, facendo fincapé en cuestións medioambientais e de gasto enerxético, incidindo na compra con senso e na adquisición de material novo só no caso de ser estritamente necesario. Tendo en conta o desembolso e o esforzo que supón para as familias este inicio, a relación inicial irá ampliándose ao longo dos trimestres en función da natureza de cada produción. A relación inicial de materiais aportados polo alumnado de 3º de ESO sería:

- Láminas DIN A4 Basik Guarro.
- Lapis de diferentes durezas (2HB, 2B e 5B) e afialapis con depósito.
- Goma limpa, preferiblemente branda.
- Escuadro, cartabón e regra.
- Compás.
- Lapis de cores.
- Rotuladores negros, finos e grosos. Rotuladores de cores.
- Bolígrafos tipo Pilot de tinta negra de 0,5 e 0,8 mm de grosor.
- Ceras brandas Manley.
- Temperas cor cian, amarelo, maxenta, branco e negro.
- Pinceis sintéticos do número 4, 8 e 12.
- Papeis/cartolinas de cor.
- Tesoiras e cola.
- Carpeta de plástico transparente tamaño DIN A3.

Aqueles alumnos/as que amosen unha situación de desvantaxe económica e así o soliciten, de non ter algún tipo de axuda ou de tardar en poder facer uso dela, poderán empregar o material do Departamento.

É deber e responsabilidade do alumnado custodiar, coidar, manter en condicións óptimas e dispoñer do material necesario todos e cada un dos días de clase. É obriga do alumno/a usar con sentido común, civismo e solidariedade; tanto o seu propio material como o material alleo e o común. Evitará por tódolos medios malgastar e procurará orde e limpeza nos espazos comúns, sendo norma obrigada do departamento a recollida e limpeza, por parte do alumnado, de todo o usado antes do remate da clase. Incentivarase no alumnado o uso de materiais reutilizados e de refugallo: distintos tipos de papeis usados, materiais procedentes do uso cotián... Poderán ser aportados polo alumnado, así como contar con eles na aula.

No referente a ese espazo común, sinalar que a aula de Educación Plástica funciona tamén como taller, e como tal debe estar dotada. Ten cabida para ata 27 postos de debuxo (mesa + cadeira) e dúas zonas diferenciadas para traballar técnicas secas (na parte anterior da aula) e zona de técnicas húmidas (ao fondo, con cinco pías de auga

corrente). Dispón tamén de dous encerados e una tarima para facilitar a visión do alumnado das exposicións teóricas.

Aínda que os alumnos deben manexar o seu propio material o Departamento de Debuxo dota de material complementario á aula (pinturas de cores, ceras, instrumental para gravado, pinceis...). Outros elementos recollidos no inventario anual de uso no aula serían:

- * Unha pequena biblioteca de aula, composta por volumes e catálogos diversos referidos á historia do arte, deseño, debuxo, cómic... Ademais do espazo para a materia existente na biblioteca do centro.
- * Material de pintura (acrílicos, esmaltes, lenzos...).
- * Material para o desenvolvemento de proxectos tridimensionais e colección de estatuas clásicas de escaiola.
- * Ordenador e canon de proxección na aula, e encerado dixital.
- * Cabaletes de debuxo-pintura.
- * Tórculo para impresión de gravados
- * Mesa de luz

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

1. PROPÓSITO DA AVALIACIÓN INICIAL:

Para comezar, é importante definir que é o que se quere conseguir por medio da avaliación inicial. Canto máis concreta sexa esta definición, máis útil será para unha toma de decisións axustada.

Debe proporcionar información relevante sobre os niveis xerais do grupo e do alumnado que o integra e servir como punto de partida para a contextualización do proceso de ensino-aprendizaxe. Pode ser moi útil para orientar a programación, a metodoloxía a utilizar, a organización da aula,... así como para axustar a actuación docente ás necesidades, intereses e posibilidades do alumnado.

2. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN:

A segunda fase da avaliación inicial, coincidinte coa de calquera proceso de avaliación, é a recollida de información. Tratarase de manter o equilibrio entre recoller todos aqueles datos que sexan precisos para o que se quere facer e centrarse só naqueles que sexan útiles para a decisión a tomar. É moi importante partir dun nivel inicial de coñecementos do alumno para poder valorar de forma correcta o seu progreso ao longo do curso escolar, polo que convén avaliar a capacidade dos alumnos/as para establecer un proceso de traballo, que lles permita realizar tarefas de análise e síntese das linguaxes visuais ou plásticas. Tamén se valorará o coñecemento abstracto e a súa aplicación como apoio na realización de actividades de aprendizaxe.

Os aspectos sobre os que recoller información serán:

- Competencia curricular: comunicación, autonomía, habilidades...
- Características do alumno/a: intereses, motivación, estilo de aprendizaxe...
- Entorno: contexto educativo (materias pendentes...), contexto familiar, contexto social.

O formato de recollida de información pode ir desde elaboración de cuestionarios como tarefas na Aula Virtual do centro, cuestionarios en papel, ata conversas informais, debates... Tratarase de levar a cabo nas primeiras sesións do curso o que permitirá valorar os coñecementos e as carencias que os alumnos presenten e tomar as medidas, tanto no grupo como individuais, necesarias para reforzar os alumnos na súa aprendizaxe e tentar que progresen superando as dificultades iniciais. Serán medidas tales como explicacións e reforzos ao grupo ou personalizadas das carencias observadas para poder axudarlles o antes posible, e comezar nun nivel axeitado e común ao grupo.

Outro aspecto importante a avaliar é a capacidade dos alumnos/as para resolver, de forma diferente, autónoma e persoal, as situacións ou actividades propostas, así como a correcta execución dos traballos, tanto no plano conceptual como material, utilizando correctamente os instrumentos, técnicas e métodos necesarios.

O interese, esforzo e adicación dos alumnos/as na realización das actividades será tamén valorado.

A puntuación obtida nesta avaliación inicial non se terá en conta nas notas da primeira avaliación.

A reunión de avaliación inicial co equipo docente e o Departamento de Orientación, así como a información aportada polo titor do grupo, axudarán a completar a información recollida e poñela en común.

3. TOMA DE DECISIÓNS:

Unha vez analizada toda a información, tomaranse decisións sobre os seguintes aspectos:

- Respecto ao currículo: deseñar adaptacións curriculares e reforzos nos casos necesarios.
- Respecto á forma de traballar na aula: organizar grupos, distribuir o material...
- Respecto a aspectos organizativos: distribución das unidades didácticas, organización da avaliación...

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	15	10	10	15	15	15	15	100
Proba escrita	0	30	0	0	0	10	30	0	10
Táboa de indicadores	100	70	100	100	100	90	70	100	90

Criterios de cualificación:

CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN:

O grao de consecución dos criterios de avaliación das distintas unidades da materia establecerase do seguinte xeito:

a) Mediante entregas de traballos prácticos, dos que o alumnado coñecerá os indicadores de logro. A nota deste apartado será a media aritmética de todos os traballos, valorándose cun 0 os non presentados. Entregar os traballos fora de prazo e sen motivo xustificado restará ata un 30% na nota de dito traballo. Peso porcentual na nota de cada avaliación: 70% (só en caso de realizarse algunha proba teórico-práctica).

b) A través de probas teórico-prácticas, nas unidades didácticas que así o requiran. Peso porcentual na nota de cada avaliación: 30%

É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato, técnicas, materiais... e que os traballos sexan entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta na avaliación. Todos aqueles traballos non presentados dentro das datas estipuladas serán valorados cun 0 e poderán ser entregados con posterioridade sendo avaliados segundo reza no apartado a) dos Criterios de Cualificación.

É obrigatorio que cada alumno/a asista á clase co material necesario para o normal desenvolvemento da mesma. En caso contrario aplicaráselle penalizacións que poderán restar ata -2 puntos da nota de cada avaliación.

Para superar cada unha das avaliacións deberá obterse a calificación mínima de 5 puntos sobre 10; facéndose media do conxunto de probas e traballos realizados, así como as notas tomadas pola profesora ou profesor mediante os distintos instrumentos de avaliación. A esa nota restaráselle os puntos perdidos por non traer o material . As diferentes láminas e probas superadas na avaliación non eximen desa materia na recuperación.

Os indicadores de logro corresponderanse cos criterios de avaliación e se poden aplicar en forma de rúbricas, listas de cotexo, escalas de valoración, ou outros instrumentos. Un exemplo dalgúns que se poden empregar na meirande parte das unidades didácticas sería o seguinte:

- Aplica correctamente as técnicas empregadas en función da mensaxe proposta, manexando os materiais e instrumentos necesarios de forma axeitada.
- Aplica correctamente os elementos formais (composición, cor, textura, forma...).
- É quen de expresar con corrección os conceptos sobre os que se traballa e o proceso seguido na realización da práctica.
- Acaba e presenta correctamente o traballo, tendo en conta a limpeza, claridade e orde.
- Adecúase ás instrucións e condicións postas polo profesor e sigue un proceso de traballo correcto.
- Nos traballos realizados en grupo, leva a cabo as tarefas asignadas e a súa participación é respectuosa.
- Entrega as tarefas en prazo.

CUALIFICACIÓN FINAL:

A nota final consistirá nunha media ponderada, na que o peso da avaliación final é o maior. Isto débese a que hai contidos que se tratan só nunha avaliación e outros que son progresivos, que van acadándose en maior medida segundo avanza o curso.

Peso de cada avaliación na ponderación final:

- 1ª avaliación: 30%
- 2ª avaliación: 30%
- 3ª avaliación: 40%

Atendendo ao ditado na Orde do 25 de xaneiro de 2020 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de Educación primaria, de Educación secundaria e de Bacharelato no sistema educativo de Galicia; para superar esta materia haberá que ter unha nota de 5 sobre 10 unha vez feita a media ponderada segundo as porcentaxes estipuladas para cada trimestre ao rematar a 3ª avaliación. Se esa media é igual ou superior a 5 puntos poderase aprobar o curso cunha avaliación suspensa sempre e cando a nota de dita avaliación supere os 4 puntos e estean entregados os traballos correspondentes. Isto non exime de facer as recuperacións oportunas antes de coñecer a calificación final.

Aqueles alumnos/as que non logren superar os contidos impartidos ata o mes de xuño realizarán durante o ese mes tarefas e probas de reforzo e recuperación de diversa índole con vistas a reforzar os contidos mínimos da materia. Aplicaranse os instrumentos de avaliación xa comentados con anterioridade respectando os pesos de cada un deles segundo o estipulado para cada unha das anteriores avaliacións.

Pola súa parte, os alumnos/as que xa teñan superados os contidos mínimos a comezos do mes de xuño, realizarán tarefas e probas de reforzo e ampliación dos mesmos, tendo a opción de mellorar os resultados obtidos cara á Avaliación Final. Os pesos e porcentaxes de cada unha delas serán os mesmos que se indicaron para cada unha das anteriores avaliacións.

En ámbolos dous casos, a nota para superar o curso na Avaliación Final debe ser igual ou superior ao 5 sobre 10.

INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NA EDUCACIÓN NON PRESENCIAL

Se fose preciso volver a unha situación que imposibilite a presencialidade no centro, terase en conta ademais o seguinte:

1) Traballos prácticos que se recollerán periodicamente para a súa valoración a través do Aula Virtual do centro ou doutros medios segundo a gravidade da situación.

* Os traballos valoraranse de 0 a 10.

* Avaliaranse unicamente os traballos realizados baixo a supervisión do profesor o profesora nas diferentes fases de realización.

* Os traballos sen rematar non poderán obter calificación positiva, especialmente no caso das láminas de debuxo

técnico. En caso de presentar un traballo con exercicios mal realizados, devolverase a lámina sen calificar aínda que si corrixida para que o alumno ou alumna a revise e a entregue para ser avaliada de novo fomentado o interese pola superación de dificultades e a resolución de dúbidas. A lámina constará no caderno do profesor como presentada.

* Todos os traballos teñen que ser presentados cando menos nun 80% para obter calificación positiva na avaliación, obténdose a nota mediante media aritmética de todos eles.

2) Probas (de ser o caso) que permitan coñecer o grao de comprensión dos contidos teóricos e ou prácticos. Valoraranse de 0 a 10 puntos.

Para superar cada unha das avaliacións deberá obterse a calificación mínima de 5 puntos. Para obter a nota da avaliación final realizarase a media aritmética das tres avaliacións. Se esa media é igual ou superior a 5 puntos poderase aprobar o curso con unha avaliación suspensa sempre e cando que a nota de dita avaliación supere os 4 puntos e estean entregados os traballos correspondentes. Isto non exime de facer as recuperacións pertinentes antes de coñecer a calificación final de xuño.

Para obter a nota de cada unha das avaliacións realizarase a partir da suma das seguintes porcentaxes:

Traballos prácticos: 70%

Probas: 30%

*No caso de non realizar probas os traballos terán un valor do 100% da porcentaxe.

Entregar os traballos fora da data sinalada e sen motivo xustificoado restará ata un 30% na nota de dito traballo.

O resto de criterios son idénticos aos referidos para a educación presencial.

PRAZOS DE ENTREGA, RECUPERACIÓNS E EXERCICIOS FINAIS

Ao longo de cada avaliación o alumnado deberá presentar cada un dos traballos, apuntes, probas ou exames desenvoltoos, para ser avaliados e cualificados polo profesor, na data establecida para a súa entrega. Os exercicios non entregados no prazo ou os suspensos terán un segundo prazo de entrega, establecido polo profesorado, ao longo de cada trimestre.

Criterios de recuperación:

Para recuperar os exercicios suspensos unha vez rematada a avaliación, o alumnado deberá presentar, repetir, corruxir ou mellorar calquera dos traballos e apuntes e entregalos nas datas establecidas polo profesorado. As láminas que teñan un 0 por non estar presentadas en prazo poderán ser entregadas nunha 2ª data establecida e avaliaranse segundo o sinalado nos Criterios de Cualificación na Educación non Presencial. No caso dos exames existirá a posibilidade de repetilos ou melloralos cando a nota acadada sexa menor de 5. En todo caso, ao longo das avaliacións, proporanse cantos exames, probas e recuperacións sexan necesarios. Ao final de cada avaliación, se o profesorado o require, o alumnado deberá presentar unha carpeta con todos os traballos e proxectos feitos ao longo do curso. RECUPERACIÓN FINAL: Para superar a materia será obrigatorio presentar todos os traballos prácticos e, de ser o caso, realizar os exames. O extravío, perda ou ausencia de calquera deles implica un 0 en dito traballo sendo imprescindible repetilo na casa e achegalo de novo á carpeta final. O alumnado que presente dificultades para superar o curso ao remate do mes de maio realizará durante o mes de xuño tarefas e probas de reforzo e recuperación de diversa índole con vistas a reforzar os seus contidos mínimos da materia. Aplicaranse os instrumentos de avaliación xa comentados con anterioridade respectando os pesos de cada un deles segundo o estipulado para cada unha das anteriores avaliacións. Durante o mesmo período, o resto do alumnado realizará tarefas e probas de reforzo e ampliación dos contidos xa superados, tendo a opción de mellorar os resultados obtidos ata ese momento. En ámbolos dous casos, a nota para superar o curso na Avaliación Final debe ser igual ou superior a 5 sobre 10.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

SEGUIMENTO PERIÓDICO:

Os alumnos e alumnas que promocionen de curso coa materia pendente recibirán un plan de traballo para recuperala no curso seguinte. Convocarase unha reunión por trimestre coa fin de facilitar a información, mais o alumnado terá tamén acceso a tódalas cuestións que rexen a recuperación da materia a través da aula virtual do centro.

O plan de traballo incluírá unha listaxe de exercicios e acordarase a posibilidade de reunirse co profesor ou profesora encargado para resolver dúbidas, previa cita, preferentemente no tempo de lecer. Dito listado recollerá os traballos a realizar polo alumnado que cursa a materia no nivel correspondente. Acadarase calificación favorable sempre que se responda positivamente ás entregas atendendo aos mesmos criterios de avaliación correspondentes ao curso do que se está a examinar o alumno/a. Deberán respectarse as datas límite de entrega e non se recollerán traballos presentados fóra de prazo sen causa xustificada.

A avaliación levarase a cabo nas datas indicadas e feitas públicas desde o centro, a través de 2 entregas parciais de traballos que abordan contidos mínimos da materia e que serán recollidos de xeito físico ou a través da aula virtual e ás que se lles engadirá unha proba escrita na terceira avaliación. A cualificación en cada unha das avaliacións parciais será a media aritmética de todos os traballos, valorándose cun 0 os non presentados. As entregas terán lugar antes do remate da 1ª e da 2ª avaliacións do curso, figurando a calificación obtida no boletín de notas trimestral. É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato (caderno, carpeta, traballos soltos, dixital...) técnicas, materiais..., e que sexan entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta á hora da consecución dos indicadores de logro.

A nota final consistirá na media das 2 entregas ou avaliacións e da proba práctica, segundo un peso en evolución crecente, que permitirá ao alumnado unha progresividade na adquisición das competencias requiridas para superar a materia:

- 1ª entrega: 30%
- 2ª entrega: 30%
- Proba práctica: 40%

Os contidos mínimos que deberán superar son os mesmos que se especifican para o nivel ao que se presenta.

6. Medidas de atención á diversidade

Como non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo, pátrese da idea do principio de individualización do ensino xa que a aula finalmente é un conxunto de diversidade. Isto supón que a premisa principal sexa a flexibilidade á hora de adaptar a programación, especialmente no referido á metodoloxía, adoptando medidas de carácter preventivo necesarias unha vez se coñezan as características das persoas coas que imos traballar.

A nosa materia é especialmente agradecida neste sentido, dada a súa natureza e pola multitude de solucións que poden resultar de cada proposta.

A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das unidades didácticas, que terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan demostrar o seu potencial ao tempo que son partícipes das situacións de aprendizaxe. Isto será moi enriquecedor para eles pero tamén para o resto de alumnos así coma para os profesionais da educación.

Con tal fin, partírase dunha detallada avaliación inicial na que se detecten tanto os distintos niveis de coñecementos e actitudes do alumnado coma outras casuísticas tales coma posibles discapacidades visuais, auditivas, motoras, diagnósticos de TDAH ou TEA; entre outras moitas patoloxías. Terase en conta tamén ao alumnado recentemente incorporado ao noso sistema educativo, procedente do estranxeiro, algúns deles sen coñecer as linguas vehiculares, estudantes que proveñen de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de

aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Outro desafío para o docente é o alumnado de altas capacidades que son unha gran fonte de inspiración para o resto de compañeiros.

Polo tanto, os contidos procedementais propostos desenvolveranse en grao diferente segundo o alumnado. Para iso xerárase un conxunto de propostas que favorezan a adaptación aos intereses, ás capacidades e ás motivacións do alumnado respectando sempre un traballo común de base e intención formativa global que permita a consecución das competencias básicas e dos obxectivos de cada curso e da etapa. Conscientes diso, as medidas de atención á diversidade centraranse en:

MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS: supoñen unha adaptación encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certo alumnado.

- En caso de que un alumno ou alumna non acade os obxectivos mínimos, tratarase de ofertar unha variedade de actividades de reforzo, a través de exercicios adaptados e de consolidación coa finalidade de que adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

- Empregarase multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación e de recuperación.

- É importante, tamén, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a auto estima.

- Favorecerase o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado poida desenvolver distintos roles.

- No caso de alumnos con necesidades educativas específicas de apoio educativo, seguindo as indicacións do Departamento de Orientación, realizaranse as adaptacións curriculares oportunas, os reforzos educativos necesarios e estableceranse os recursos de apoio que o favorezan.

- O alumnado con discapacidade que poidan ser escolarizado disporán da modalidade que lles garanta unha resposta máis axeitada ás súas necesidades.

- Co alumnado que requira ser hospitalizado ou permanecer convalecente no seu domicilio, favorecerase a continuidade na materia e a comunicación a través da aula virtual ou do profesor de atención domiciliaria.

- O alumnado valorado como de altas capacidades pode ampliar o currículo ou aceleralo así como flexibilizar o período de permanencia na etapa.

- No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:

- Existen tarefas nas que sería interesante colaborar con profesores de materias afíns e complementarias podendo abordar proxectos conxuntos xa que unhas áreas reforzan a outras, o que facilita propor problemas de maior complexidade nesta interrelación. Para os estudantes é unha aprendizaxe moito máis global e permítelles entender mellor a aplicación e o sentido dos saberes.

- Unha frecuente comunicación coas familias resulta crucial nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais, o que permitirá coñecer as súas fortalezas e a maneira máis axeitada para traballar cos seus fillos. Ás veces estas familias están asesoradas por profesionais que tamén nos poden guiar á hora de concretar procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS:

- Se a dispoñibilidade horaria permitise agrupamentos flexibles, sería moi favorecedor para á atención á diversidade e a elaboración de traballos con procesos técnicos máis complicados, de ser necesario pola natureza do grupo.

- Disporase de plans de acollida ao alumnado estranxeiro con atención educativa específica para aqueles que se incorporen tardiamente ó sistema educativo e presente graves carencias en lingua castelá e/ou galega. Isto dependerá da dispoñibilidade horaria do centro, e tendo en conta que este alumnado se incorpora co curso xa iniciado, cando os horarios xa están pechados, é de moi difícil consecución. O alumnado que se escolarice tardiamente ao noso sistema e presente un desfase curricular de máis de dous cursos incorporaranse nun curso inferior ao que lle corresponde por idade. En coordinación co Departamento de Orientación establecerase Reforzo Educativo e traballarase na comunicación facendo moito máis fincapé a través de imaxes.

- Non podemos esquecer a importancia da acción titorial e da prevención do absentismo así como a indispensable colaboración co Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura.	X			X				X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X			X				X
ET.4 - Competencia dixital.	X			X				X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Evitar os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Segundo se recolle no decreto que regula a implantación da Educación Secundaria Obrigatoria, os elementos transversais deberán tratarse en todas as materias do curso. Recollemos neste listado todos os que son obrigatorios e tamén os que consideramos esenciais para a materia e a formación do noso alumnado.

Deberemos telos en conta á hora de seleccionar os materiais cos que se traballará, sexa en formato texto, imaxes ou contidos audiovisuais. Tamén no deseño das actividades que o alumnado porá en práctica, na organización dos equipos de traballo, na orientación dos debates que xurdan...

Algunhas concrecións dos elementos transversais citados son as seguintes:

- Na educación para a igualdade de xénero, evitanse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- En canto ao emprendemento social e empresarial e á creatividade, trataremos de afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico, así como as entregas de tarefas en prazo e forma.
- Na cooperación entre iguais e a prevención e resolución de conflitos, fomentaranse os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e polo Estado de dereito, e o rexeitamento da violencia terrorista ou calquera outro tipo de violencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación activa nas actividades dinamizadas pola biblioteca.	Colaborar nas propostas que supoñan un enriquecemento para o noso alumnado fomentando o traballo interdisciplinar.			
Realización de proxectos do Departamento e interdisciplinares.	Colaboración con todos os departamentos do centro que requiran tanto a nosa aportación creativa como a nosa axuda para a montaxe de exposicións.			
Participación no programa de "Reflexarte" de Educación Responsable.	Colaboración cos distintos programas nos que participa o centro, procurando o enriquecemento do alumnado.			
Exposicións de traballos realizados polo alumnado de todos os niveis.	Mostra dos traballos realizados durante o curso ou diferentes periodos co fin de dar visibilidade a produción artística do noso alumnado.			
Visitas a espazos expositivos, virtuais ou presenciais da contorna (Marco, Casa das Artes, Fundación Abanca, Museo do Mar...).	Visitas guiadas a exposicións en museos, galerías, salas de exposicións, etc., con eventos temporais ou permanentes.			
Participación en obradoiros que se programen en museos ou fundacións da Comunidade Autónoma.	Fomentar o coñecemento fora do centro coma outra posibilidade de enriquecemento cultural.			
De considerarse interesante para o centro ou para o alumnado, participación en concursos relacionados coas nosas materias.	Concursos dentro e fóra do centro que lles axudan a aprender a presentar un proxecto e os animan a polos en práctica eles mesmos no futuro.			
Charlas informativas relacionadas con distintos intereses para o noso alumnado.	Charlas impartidas por todo tipo de profesionais relacionados coa materia.			
Participación e colaboración no proxecto Erasmus + Espazos creativos con I: Inclusión, Innovación, Internacionalización.	Colaboración cos distintos programas nos que participa o centro, procurando o enriquecemento do alumnado.			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación e colaboración no proxecto Polos Creativos (por determinar).	Colaboración cos distintos programas nos que participa o centro, procurando o enriquecemento do alumnado.			

Observacións:

Tratarase de planificar as actividades complementarias do departamento antes do inicio do curso, na medida do posible. Non sempre pode ser xa que hai eventos que son ofertados ao longo deste, hai cambios nas programacións das institucións artísticas da comunidade ou non sempre se coñecen ao inicio do curso académico.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
(P) Consulto a programación ao longo do curso e, en caso necesario, realizo e anoto as modificacións e propostas de mellora.
(P) Ao confeccionar a programación teño en conta as oportunidades que me ofrece o contexto e adáptome.
(P) Dou a coñecer ao alumnado os elementos básicos da programación especialmente os criterios de avaliación.
(M) Os exercicios que propoño son do seguinte tipo: pechados, dirixidos... / abertos, procedimentais, proxectuais, diversos, etc. / facilitan o traballo cooperativo. / impulsan a comunicación: buscar información, interpretar, tomar decisións, crear, razoar, explicar aos demais, etc.
(M) Na metodoloxía que aplico: emprego todo tipo de recursos e materiais para a aprendizaxe: material manipulativo, audiovisual, impreso, etc. / propoño actividades para facilitar a aprendizaxe autónoma / baséome nas explicacións teóricas e no libro/apuntes.
(M) Como paso as horas lectivas: Intentando conseguir silencio / impartindo teoría e explicacións / respondendo a preguntas, fomentando a participación, desenvolvendo prácticas, etc. / observando / corrixindo ao alumnado de xeito individual.
(M) Motivo o meu alumnado partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade das actividades e creando expectativas.
(M) Ao comezo de cada unidade o alumnado coñece os obxectivos e competencias que queremos desenvolver, as actividades que realizarán, como se lles avaliará...
(AD) Que fago para coñecer a composición da clase? Pasar unha proba ao comezo do curso escolar / ler os informes anteriores / ver os resultados da avaliación / facilitámla o titor/a, o Xefe/a de Estudos, o Orientador/a / facilitámla nas reunións de grupo (reunións de avaliación, de titores, de nivel...)
(AD) Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, de crear os grupos, etc.
(AD) A miña programación ten en conta a diversidade.
(A) Utilizo diferentes tipos de probas: Exames escritos / Exames orais / Traballo individual / Traballo en equipo.
(A) Que teño en conta para medir os resultados?: A nota final / O avance, tendo en conta a situación de partida.
(A) Entre avaliacións, programo un ou varios plans de recuperación dependendo dos resultados obtidos polo alumnado.
(A) Na avaliación teño en conta diferentes competencias.

(M) O alumnado traballa do seguinte xeito: Individualmente / Por parellas / En grupos reducidos / En grupos grandes.
(AD) Dou ao alumnado a explicación que precisa: No grupo grande / No grupo pequeno / De xeito individual.
(AD) Propoño tarefas de diferente nivel en cada unidade e exame.
(A) Antes de comezar unha unidade, explico ao alumnado "que", "con que frecuencia" e "en base a que" avaliarei.
(A) Unha vez rematada a unidade ou o proxecto didáctico, avalío a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe: non / de xeito individual / en grupo (con membros do departamento, o equipo de avaliación...) / co alumnado.

Descrición:

Para levar a cabo unha adecuada avaliación da práctica docente, é necesario ter en conta:

- Establecer indicadores de logro que servirán para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación propia como docente.
- Diseñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.
- Analizar os resultados obtidos.
- Propoñer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.

Os indicadores de logro organízanse en torno a catro apartados:

- (P) Programación.
- (M) Metodoloxía.
- (AD) Atención á diversidade.
- (A) Avaliación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación revisarase ao empezar o curso, a partir das propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente memoria do departamento. Unha vez analizados os resultados do curso pasado debemos revisar os criterios de avaliación para confirmar que se adaptan ás recomendacións pedagóxicas.

Durante o curso, farase un seguimento da programación cunha periodicidade mensual. Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos e faranse constar os aspectos destacados en torno ao discorrer do curso nas correspondentes reunións de departamento.

A avaliación do proceso de ensino pode realizarse nestes dous momentos:

- 1) ao remate de cada unidade didáctica, para identificar carencias no alumnado;
- 2) ao rematar cada trimestre, unha vez obtidos os resultados da avaliación.

En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro poden consistir en:

- folla de rexistro onde ir anotando os aspectos máis cuantificables;
- diario de aula;
- rúbrica de autoavaliación que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos;
- estatísticas de resultados;
- cuestionarios e enquisas ao alumnado...

Non debemos esquecer que a nosa programación debe poder ser consultada polo alumnado e, especialmente, os criterios de avaliación deberán estar accesíbeis na aula virtual, no taboleiro da aula, no blog, ou entregados en papel.

9. Outros apartados